



CONCELLO DA RÚA

[www.arua.gal](http://www.arua.gal)

Tel. 988310116 Fax. 988311321  
Correo electrónico. [info@arua.gal](mailto:info@arua.gal)  
Praza José Antonio Míguez Freire, 2  
32350 A RÚA

---

## **BASES CONCURSO CARTEL FESTAS VERÁN 2018**

- 1.- Os orixinais axustaranse a temas relacionados coas Festas de Verán da Rúa, podendo tomar parte todas aquelas persoas que o desexen, aportando unha soa obra por autor/a, baixo a condición que sexan traballos orixinais.
- 2.- O concurso terá unha única categoría, podendo participar persoas de todas as idades.
- 3.- O prazo de presentación de orixinais remata o 15 de xuño.
- 4.- As/os concursantes remitirán os orixinais ao Concello da Rúa e poderán facelo por correo ou entrega en man, indicando no exterior **"Concurso Cartel Festas Verán 2018"**.
- 5.- O Concello non se responsabiliza de posíbeis danos, perdas, nin da devolución das obras unha vez concluído o concurso.
- 6.- Os carteis presentaranse sen sinatura da/o autora/or, baixo un pseudónimo que libremente escollan as/os súas/seus autoras/es, debendo constar por escrito no dorso da obra, achegando un sobre pechado no que se reflexe na súa parte exterior o lema de referencia, e conteña, escrito a ordenador, máquina ou letra lexible, os datos persoais da/o autora/or (nome, apelidos, domicilio, poboación, teléfono, e-mail, etc) e fotocopia do DNI.
- 7.- As obras deberán ter obrigatoriamente un tamaño Din A3 e o seguinte texto (o Concello engadirá o se escudo oficial): **FESTAS DE VERÁN 2018 A RÚA.**
- 8.- O xurado estará composto polo concelleiro de Cultura e catro vogais que serán os encargados de seleccionar as/os gañadoras/es . Ao rematar dita

elección, manterase o anonimato da autoría de cada obra.

9.- Os membros do xurado non poderán tomar parte no concurso.

10.- O concurso poderá declararse deserto por acordo do xurado.

11.- A resolución do xurado será inapelábel.

12.- O premio será de 150 €.

13.- Dos carteis presentados ó concurso, o Concello de A Rúa poderá efectuar en todo momento cantas reproducións precise para o seu libre uso, sen que os seus autores poidan efectuar reclamación algunha.

14.- Rematado o concurso, os concursantes disporán dun mes para retirar os seus carteis, menos o premiado, se o houberse, que pasará a ser propiedade municipal, igual que os que non sexan retirados (entendéndose que os seus autores renuncian a eles, perdendo todo dereito a reclamación ou indemnización. Os gastos de envío e devolución dos carteis serán por conta das/os concursantes.

15.- O Concello resérvase o dereito de organizar unha exposición pública con todos ou parte dos carteis concursantes, no local, datas e horario que oportunamente se determine. Neste suposto, a devolución dos carteis efectuarase no prazo dun mes, a contar dende a clausura de dita exposición.

16.- O Concello non se fai responsábel dos danos que poidan sufrir as obras presentadas durante o tempo que estean no seu poder ou no período de transporte das mesmas.

A Rúa, 14 de maio de 2018

Asdo.- Luís Fernández Gudíña

Alcalde

